

## **ORDENANZA Nº 14 SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURAIS**

### 1. **Ámbito de aplicación.**

O réxime do solo rústico de protección de espacios naturais, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora específica, ten por obxecto preservar os valores naturais, ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, científicos ou recreativos que xustifican a súa protección.

### 2. **Concurrencia doutras proteccións.**

Sobre estes espacios superpóñense outras proteccións derivadas de lexislacións distintas. Tal é o caso das zonas de dominio público e protección de costas que quedan, na súa maior parte incluídas nesta ordenanza.

Para as mesmas rexen ademais con tódolos efectos, as disposicións da lexislación de Costas.

Outro tanto ocorre coas proteccións emanadas da Protección do Patrimonio, das cales as cautelas e recomendacións haberán de cinxirse estrictamente ó disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e no resto da lexislación estatal concorrente.

### 3. **Usos permitidos.**

#### 1. **Usos permitidos por licenza municipal:**

Os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i) do artigo 4.1.24 destas normas.

#### 2. **Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:**

Os vinculados á conservación, utilización e aproveitamento do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 4.1.24. destas normas

#### 3. **Usos prohibidos:**

Tódolos demais, especialmente os usos residenciais, industriais e actividades extractivas de calquera índole.

4. O ámbito de aplicación desta ordenanza superponse con partes de núcleos de poboación, tanto urbanos como rurais. Os usos e construcións que se pretendan realizar nestas zonas deberán contar co informe favorable da Consellería de Medio Ambiente.

### 4. **Réxime transitorio.**

As instalacións industriais e explotacións existentes á entrada en vigor do presente Plan Xeral poderán continuar a súa actividade sempre que, en dita data, estean amparadas por licencias,

autorizacións ou concesións outorgadas polas Administracións Públicas competentes, nas que se faga constar como condicionado esencial das mesmas o conxunto de medidas que obrigan ós seus titulares a levar a cabo actuacións preservadoras do medio ambiente.